



O COMITÉ DE MEMORIA HISTÓRICA DA COMARCA DE CELANOVA fai chegar aos grupos o seguinte texto cunha proposta de moción para presentar no próximo pleno da corporación municipal do Concello de Celanova e na que solicita a adopción de **acordos en materia de protección de elementos de memoria histórica da vila e de impulso á aplicación dos acordos vixentes entre o Estado e a Comunidade Autónoma para a exhumación de fosas da Guerra Civil.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 1933, en tempos da II República, un grupo de mozos de Celanova, entre eles Xosé Velo e Celso Emilio Ferreiro, que fan parte das Mocidades Galeguistas, editan un semanario que se chama 'Adiante', "onde a liberdade de expresión sexa a punta do compás sobre a que trazar os círculos dun compromiso social e ideolóxico coa Galiza", segundo ten escrito o poeta Baldo Ramos. Aquel compromiso plásmase tamén na pintada que fixeron con alquitrán na fachada do Mosteiro e que persiste até hoxe.

Este Comité chamou a atención da Alcaldía diante do rápido deterioro que está a sufrir a pintada, que se mantivo durante máis de 80 anos, a causa dos xogos de pelota infantís contra a fachada do Mosteiro. A solución adoptada, colocar un cartel recomendando non "golpear a fachada", está a resultar a todas luces ineficaz: os xogos persisten e o cartel non se repón coa dilixencia necesaria cada vez que alguén o retira.

Por iso, desde este Comité reclamamos a adopción de medidas máis eficaces e urxentes ante a perda dun elemento simbólico da democracia e da cultura de Celanova, inscrito nun Ben de Interese Cultural e que debería gozar da mesma protección patrimonial que o propio Mosteiro.

En segundo lugar, e con motivo do compromiso do Estado e da Xunta de Galiza coas exhumacións de fosas da Guerra Civil polo que a Xunta de Galicia ten ao seu dispor unha partida de 104.161 euros da segunda anualidade do Plan Cuatrienal 2020/2024 de fosas, animamos ao Concello de Celanova a reclamar a inmediata execución dese plan, dado que a entidade encargada pola Xunta de levar adiante as exhumacións (e que o ano pasado acometeu dúas en Vilagarcía de Arousa e Crecente), o Grupo Histagra da USC, seleccionou para a campaña deste ano a fosa de Celanova, xunto as de Lousame e A Capela.

E reclamalo con urxencia dada a idade da única familiar directa viva dun dos 7 asturianos que foron soterrados na fosa localizada no cemiterio de Celanova, Josefa Fernández, de 85 anos, que visitou Celanova o pasado verán e foi homenaxeada por este Comité e recibida neste mesmo salón de plenos por representantes da corporación municipal.

Por estes motivos, pedimos que os grupos políticos soliciten a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno municipal a instalar de maneira urxente e inmediata un elemento de disuasión permanente e eficaz contra calquera actividade que dane a fachada do Mosteiro no punto no que se localiza a pintada 'Adiante Semanario', en canto elemento de singular valor histórico e cultural para a vila de Celanova.

2. Instar ao goberno municipal a colaborar co Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova na difusión e divulgación entre a veciñanza e a cidadanía galega do significado desta inscrición, como legado único e singular do tempo da República, do galeguismo e da historia cultural e política da vila de Celanova e do país.

3. Instar á Alcaldía a emitir a seguinte declaración institucional como acordo da corporación municipal no pleno da data: **"O Concello de Celanova, reunida a corporación municipal en sesión ordinaria da data, solicita da Xunta de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela que axilicen os trámites para a posta en marcha, no prazo máis breve posíbel, e prioricen, atendendo a idade da única descendente directa das persoas represariadas que se intentan localizar, os trámites e traballos necesarios para a exhumación da fosa documentada no cemiterio de Celanova e que está dentro da programación do plan de exhumación 2022 acordado entre ambas institucións. E comprométese, pola súa banda, a axilizar os trámites que dependan deste Concello e colaborar naquilo que estea da súa man para levar adiante a exhumación, como parte da política estatal de memoria deseñada no Plan Cuatrienal 2020/2024 "**.

Celanova , 18 de setembro de 2022

Asdo. Celia Inés Feijoo Soto.

PRESIDENTA DO COMITÉ DE MEMORIA HISTÓRICA DA COMARCA DE CELANOVA.